

A Xunta mobiliza 25 millóns de euros de préstamos Jeremie para 45 proxectos promovidos por pemes galegas

Feijóo salienta que o Goberno galego leva lanzados neste ano programas de axudas por 185 millóns de euros, o que significa que, a primeiros de febreiro, xa están aprobadas o 70% das axudas para 2016

O Goberno galego deu luz verde no Consello desta semana a apoiar 15 novos proxectos con préstamos Jeremie que mobilizan sete millóns de euros.

Deste xeito queda reflectido, unha vez máis, o compromiso da Administración autonómica galega co tecido empresarial galego que, a través de iniciativas como os préstamos Jeremie, teñen mobilizado 25 millóns de euros en 45 proxectos de pemes desde finais de 2014. Como resultado dito puideron manterse 900 empregos e crearse 168 novos.

Tres de cada catro proxectos apoiados con este tipo de fondos son desenvolvidos por microempresas e pequenas compañías que, deste xeito, poden beneficiarse de préstamos con xuros fixos do 0,2%, ata 11 anos de amortización e un de carencia.

Deste xeito, os préstamos Jeremie, que son unha iniciativa pioneira en Galicia que permite outorgar préstamos ás empresas, consolídase como unha importante ferramenta de apoio ás pequenas e medianas empresas galegas.

Ademais desta iniciativa, Feijóo lembrou tamén a aprobación hai menos dun mes de catro liñas de axudas que mobilizan, no seu conxunto, preto de 100 millóns de euros: “Trátase –precisou- do plan Galicia Investe2016, do Galicia Empréndete2016, dos proxectos piloto de Fábrica 4.0 e dos programas de financiamento de circulante”.

Con estas medidas, xunto con outras de impulso á eficiencia enerxética, á innovación e á internacionalización, a Consellería de Economía, Emprego e Industria leva lanzados neste ano programas de axudas por 185 millóns de euros, o que significa que, a primeiros de febreiro, xa están aprobadas o 70% das

axudas para 2016.

Esta liña de traballo do Goberno galego está permitindo que a nosa comunidade cree emprego. De feito, a última EPA reflectiu que pechamos o ano 2015 con 41.100 desempregados menos que en 2014, o que supón unha baixada do 15,6 %. Aínda que queda traballo por facer queda claro que a estabilidade política de Galicia é un garante tanto para o desenvolvemento económico como para a creación de emprego.